

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE FEBREIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:05 horas do día 12 de febreiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 8 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2b, 3b, 8a e 9a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 6, 8b, 9b, 10a e 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)**

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral onde se relacionan os licitadores presentados a este procedemento e se indica *“Así mesmo, recibíuse o día 1 de febreiro, unha oferta presentada no Rexistro da Xunta de Galicia o 30-1-18 da empresa “ZONA DE OBRA O ROSAL SLU” sen que haxa constancia de anuncio de presentación da oferta”*.

Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Tendo en conta o indicado no referido certificado e antes de proceder á apertura da documentación persoal, os membros da Mesa acordan, por unanimidade:

- a) Non admitir a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas, que remataba o 30 de xaneiro de 2018.

A referida oferta foi presentada no Rexistro da Xunta de Galicia o 30 de xaneiro de 2018 pero tivo entrada no Rexistro do Concello o 1 de febreiro de 2018. Segundo o artigo 80.2 do RXLCAP *“Os sobres a que se refire o apartado anterior terán que ser entregados nas dependencias ou oficinas expresadas no anuncio ou enviados por correo dentro do prazo de admisión sinalado naquel, agás que o prego autorice outro procedemento, respectándose sempre o segredo da oferta”*. O prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación prevé, na cláusula 12.4, a presentación de ofertas ben no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por correo, debéndose, no segundo caso, xustificar a data de imposición do envío na oficina de



Correos e anunciar ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Prevé o prego que *“Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio”*.

Os anuncios publicados neste procedemento tampouco prevén outra forma distinta de presentación, polo que, sen prexuízo da posibilidade de que os licitadores poidan presentar as súas proposicións no rexistro doutras Administracións, se estas non teñen entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo dentro do prazo de presentación de ofertas, non poderán ser admitidas (resolucións do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales 692/2016, do 9 de setembro e 116/2016, do 12 de febreiro).

A continuación ábrese o sobre A *“Documentación persoal”* dos licitadores admitidos neste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L..
 3. ELSAMEX, S.A.
 4. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)
 5. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES S.A.)
 6. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.-SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. TEKNOSERVICE, S.L.
 2. TELINCO INFORMÁTICA, S.L.
 3. PAZ DISMAC, S.L.
 4. TKT SERVICIOS INFORMÁTICOS, S.L.
 5. SOLUTIA INNOVAWORLD TECHNOLOGIES, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:58	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-C4DF3H-51C1A1-AC6DKG-Q14MKJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Asiste á apertura D. José Antonio Armesto, con DNI 34.259.828-V, en representación de LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Non consta asinada a proposición de PAZ DISMAC, S.L., polo que a Mesa acorda remitila ao Servizo de Administración Electrónica para que realice as comprobacións oportunas, e no suposto de constatar que non está asinada, requirir ao licitador que emende a súa proposición.

A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Asiste á apertura D^a. Marina Alonso González, con DNI 76.900.486-D, a título individual.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 8 de febreiro de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113) (informe sobre B)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:58	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-C4DF3H-51C1A1-AC6DKG-Q14MKJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 7 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 9 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 7 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” e acorda iniciar a negociación con T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. nos termos indicados no referido informe.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 9 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	93,42
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES,	92,92



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:58	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-C4DF3H-51C1A1-AC6DKG-Q14MKJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	S.A. (GPD CONST. S.A.)	
3	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,80
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	91,93
5	ORESA, S.L.	91,89
6	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	91,75
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	91,45
8	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALS, S.L.U.	90,78
9	COPCISA, S.A.	88,18
10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	85,69
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	85,53

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:58	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-C4DF3H-51C1A1-AC6DKG-Q14MKJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% baixa ofertada
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	12,50%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., o día 26 de xaneiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 8 de febreiro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:58	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-C4DF3H-51C1A1-AC6DKG-Q14MKJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., de acordo coas actuacións e os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) por un importe total de 200.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.181,82 euros, cunha baixa única do 12,50% sobre todos os prezos unitarios que figuran no Anexo I do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:58	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-C4DF3H-51C1A1-AC6DKG-Q14MKJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		